

PROPOSTA DE MODIFICACION DO BAREMO DE PRODUCCIÓN CIENTÍFICA DA UDC

Aprobada pola Comisión de Investigación na súa reunión do 17 de marzo de 2009

Propónse unha modificación no punto 5.

Redacción actual:

5.- Contribucións presentadas en congresos, conferencias, simposios, seminarios ou outros tipos de reunións de relevancia científica (valoraranse as publicacións en papel impreso ou en formato electrónico que se deriven tanto de congresos presenciais como electrónicos; as comunicacións extensas ou *proceedings* deben estar recollidos en publicacións con ISBN ou requisito equivalente caso de formato distinto ao papel impreso).

Ámbito A: congresos internacionais con comité científico e comité organizador que estean integrados por membros que pertencen a 3 ou máis estados e que estean avalados por unha asociación ou por unha organización de carácter científico recoñecido.

Comunicación extensa ou <i>proceeding</i> (texto completo)	1.5 puntos
Comunicación breve (resumo ou <i>abstract</i>)	0.75 puntos
Conferencia plenaria ou relatorio por invitación	2.25 puntos

Ámbito B: congresos con comité científico e comité organizador que estiveren avalados por unha asociación ou por unha organización de carácter científico recoñecido.

Comunicación extensa ou <i>proceeding</i> (texto completo)	1 puntos
Comunicación breve (resumos ou <i>abstract</i>).	0.5 puntos
Conferencia plenaria ou relatorio por invitación	1.5 puntos

Ámbito C: congresos con comité científico e/ou comité organizador.

Comunicación extensa ou <i>proceeding</i> (texto completo)	0.5 puntos
Comunicación breve (resumos ou <i>abstract</i>)	0.25 puntos
Conferencia plenaria ou relatorio por invitación	0.75 puntos

Valoraranse aquelas comunicacións dos congresos que se definiron anteriormente, e que non se publicaron en libro de actas nin electronicamente, se a documentación que se achega demostra que esa comunicación se presentou. En todo caso, esta valoración terá a metade do valor das comunicacións breves publicadas en actas.

Se a comunicación se recoller nun traballo completo que fose publicado non no libro de actas senón nunha publicación periódica, daráselle a puntuación que lle corresponder en función do apartado 1, mais non se computarán neste caso neste apartado 5.

Proposta de modificación:

5.- Publicacións derivadas de congresos, conferencias, simposios ou outros tipos de reunións de relevancia científica (textos completos). Valoraranse as publicacións íntegras do texto en papel impreso ou en formato electrónico que se deriven tanto de congresos presenciais como electrónicos; deben estar recollidas en libros con ISBN ou requisito equivalente caso de formato distinto ao papel impreso. Exclúense actas de congresos (abstracts o resumos) e publicacións relacionadas con cursos ou xornadas formativas ou que non teñan carácter científico.

Ámbito A: congresos internacionais con comité científico e comité organizador que estean integrados por membros que pertencen a 3 ou máis estados e que estean avalados por unha asociación ou por unha organización de carácter científico recoñecido.

Comunicación extensa ou *proceeding* (texto completo) 1.5 puntos

Ámbito B: congresos con comité científico e comité organizador que estiveren avalados por unha asociación ou por unha organización de carácter científico recoñecido.

Comunicación extensa ou *proceeding* (texto completo) 1 puntos

Ámbito C: congresos con comité científico e/ou comité organizador.

Comunicación extensa ou *proceeding* (texto completo) 0.5 puntos

Se a comunicación se recoller nun traballo completo que fose publicado nunha publicación periódica, daráselle a puntuación que lle corresponder en función do apartado 1, mais non se computarán neste caso neste apartado 5.